

**PROXECTO LECTOR
IES SANXILAO**

CURSOS 2021/2024

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.....	3
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO	4
2.1. Análise das prácticas lectoras e escritoras do alumnado	4
2.2. Identificación de logros e dificultades	5
2.3. Análise da metodoloxía empregada	5
2.4. Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos	6
2.5. Necesidade de formación do profesorado neste ámbito	6
3. Accións que o centro levou a cabo sobre o fomento da lectura e sobre a organización e dinamización da biblioteca	7
3.1. Situación de partida	7
3.2. Actuacións: xestión técnica e organización	7
3.3. Actividades co alumnado, co profesorado e con pais e nais	7
3.4. Logros acadados.....	8
3.5. Características da Biblioteca Escolar: infraestruturas.....	8
3.6. Equipamento e colección	9
3.7. Uso e funcionamento.....	9
4. Estrutura e coordinación do proxecto.....	10
5. Obxectivos, principios básicos e compromisos.....	12
5.1. Obxectivos.....	12
5.2. Principios básicos	13
5.3. Compromisos	14
6. Intervencións.....	15
6.1 Tarefas de intervención global e comprensión lectora en todas as áreas	15
6.2. Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas	16
6.3. Liñas de actuación na biblioteca	16
6.4. Contribución dos departamentos	18
7.Prazos de execución e revisión	20
8. Avaliación do proxecto: criterios e instrumentos de avaliación	21
9. Anexos.....	22

1. XUSTIFICACIÓN

Este proxecto foi realizado polo grupo de profesores que formamos parte do Equipo da Biblioteca Escolar desde o curso 2007-08.

Nace da necesidade de fixar un modelo que favoreza e potencie o hábito lector do noso alumnado. O noso obxectivo é, polo tanto, deseñar un proxecto lector personalizado para o centro establecendo uns criterios comúns para todas as áreas que, despois, se adaptarán aos distintos departamentos didácticos para establecer os obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.

O colectivo docente debemos estar convencidos de que a lectura comprensiva é o procedemento transversal por excelencia no currículo escolar e a ferramenta necesaria para aprender os coñecementos de todas as áreas e é responsabilidade de todo o colectivo docente.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTURA E ESCRITURA NO CENTRO

No noso centro producíronse avances significativos en relación coa que se vivía cando comezamos no curso 2006. Había unha sensibilidade entre os docentes en relación coas necesidades e carencias na expresión e comprensión do alumnado.

Na actualidade (ano 2021) unha valoración global permítenos afirmar que se fai lectura colectiva e individual diariamente en todas as clases:

- Lectura nos libros de texto
- Libros de lectura
- Enunciados de problemas
- Esquemas e resumos de todo tipo de textos
- Actividades de expresión oral e escrita
- De xeito complementario, empréganse as aulas de informática para reforzar a lectoescritura.

2.1. Análise das prácticas lectoras e escritoras do alumnado

Aínda que ao longo da etapa educativa as prácticas lectoras e escritoras do alumnado están sempre presentes, con frecuencia ao chegar ao remate da escolarización os resultados non se corresponden coas nosas expectativas.

Cando avaliamos os obxectivos propostos en relación á escritura e á lectura comprobamos que aínda que a súa mecánica e instrumentalización se consegue, en xeral, con certa fluidez, non é así no que se refire á comprensión e á produción de textos e, en definitiva, ao uso funcional da lingua nos diferentes soportes.

Chegar ao fondo do problema foi difícil, xa que atopamos diversos tipos de alumnos e alumnas con habilidades lectoras (mecánica lectora, entoación, ritmo...) deficientes. Hai outros, que si teñen esas habilidades mecánicas, pero o problema parece concretarse na dificultade de comprender o que len, de organizar a información transmitida polo texto. Esta dificultade de comprensión parece estar no fondo dun problema máis xeneralizado de “fracaso escolar”. Tamén existen alumnos e alumnas que, ben por procedencia social ou por desgana, éelles difícil manexar o vocabulario necesario para entender o sentido xeral ou concreto dos textos.

Toda esta situación lévanos a unha desgana que moitas veces resulta case imposible de superar.

O principal problema co que nos atopamos é a falta de estímulos positivos que reforcen o gusto pola lectura. Ler como acto lúdico, divertido e enriquecedor non se “leva”, xa que o esforzo que hai

que realizar para enfrontarse ás páxinas dun libro, os obstáculos que hai que vencer (técnica lectora, comprensión, vocabulario, motivación) non compensan.

Na proba diagnóstica realizada queda patente a situación descrita anteriormente en relación ao dominio das competencias básicas en comunicación lingüística e reflexa puntos débiles do noso alumnado nas competencias relativas á comprensión e expresión escrita: extraer información dun texto, relacionar as súas partes, elaborar un resumo, captar a idea principal, reproducir por escrito o seu contido, etc.

2.2. Identificación de logros e dificultades

Cando o alumnado chega ao centro ten un nivel de lectura alto, veñen moi motivados e con grandes expectativas que van decaendo progresivamente. Este “retroceso” na lectura está moi relacionado coa aparición das primeiras dificultades. O proceso lector require práctica e constancia e a espera de resultados non debe ser inmediata, senón a un longo prazo.

Respecto ás dificultades, hai que dicir que van en aumento segundo se vai avanzando de curso. A falta de comprensión lectora, de atención e de práctica fai que o proceso lingüístico non progrese de xeito adecuado.

Entre as dificultades comúns ás distintas áreas, podemos sinalar que o alumnado manifesta:

- Pouca atención e dificultade para concentrarse
- Falta de comprensión
- Dificultade para relacionar conceptos
- Vocabulario impreciso e insuficiente
- Expresión escrita
- Escaso desenvolvemento da autonomía lectora e do pensamento crítico.

O profesorado atópase cos seguintes obstáculos:

- Lectura=aburrimento
- Pouco apoio familiar na lectura
- As competencias lingüísticas entre o alumnado son moi diferentes

2.3. Análise da metodoloxía empregada

O IES Sanxillao conta cun proxecto lector constituído por todas as actividades que desde a aula ou a biblioteca se programan para mellorar a competencia lectora e escritora. A partir deste punto, sistematizáronse accións que teñen lugar nos distintos espazos do centro e que contribúen a mellorar a competencia lectora do noso alumnado.

2.4. Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos

Tanto os recursos materiais como humanos foron incrementándose de xeito significativo durante os últimos anos.

Respecto aos recursos materiais e ao equipamento da biblioteca contamos con fontes actualizadas de todas as materias en diversos soportes, perfectamente catalogadas e a disposición da comunidade educativa. Os recursos materiais proceden do presuposto que o centro destina á biblioteca, da inclusión do instituto no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e aportacións de entidades vinculadas ao eido educativo.

Respecto aos recursos humanos hai unha persoa encargada da Biblioteca e un equipo de apoio (sempre insuficiente) que colabora na realización e organización das distintas actividades.

2.5. Necesidade de formación do profesorado neste ámbito

En relación á biblioteca do centro, dende hai anos intentamos mellorar a nosa formación en materia de bibliotecas, lectura xuvenil... a través da formación no centro, en cursos propostos polo CEFOR, asistencia a xornadas organizadas pola Asesoría de Bibliotecas e cursos de PLATEGA de formación online.

Tamén a maioría do profesorado manifesta o seu desexo de mellorar a competencia dixital.

3. Accións que o centro levou a cabo sobre o fomento da lectura e sobre a organización e dinamización da biblioteca

3.1. Situación de partida

As actividades da Biblioteca intégranse plenamente nos procesos pedagóxicos do centro e recóllense, xa que logo, no Proxecto Educativo, no Proxecto Curricular e na Programación Xeral Anual. Estamos tamén presentes na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Consello Escolar.

O grao de implicación do profesorado e o alumnado desde os primeiros anos de posta en funcionamento do noso proxecto (curso 2004/05) foi medrando de forma considerable. Hoxe en día a biblioteca séntese como “algo vivo”, como un lugar importante do instituto, desde o que se organizan e coordinan un bo número de actividades en colaboración con distintos Departamentos Didácticos. Proba disto é o número de profesores e profesoras que empregan a biblioteca para diversificar e complementar as súas actividades pedagóxicas. Algúns case tódalas semanas e outros de forma esporádica.

3.2. Actuacións: xestión técnica e organización

A xestión técnica dos fondos é responsabilidade da Coordinadora da Biblioteca quen conta coa axuda do equipo de apoio.

A forma de xestionar o tratamento dos fondos é o seguinte: selección, automatización, rexistro, selado, colocación no andel correspondente e préstamo.

Todos os materiais da Biblioteca e dos Departamentos están catalogados de xeito informático mediante o emprego do programa MEIGA e a disposición da comunidade educativa.

Á altura do curso 2021/2022 o equipo consolídase cada vez máis, está máis especializado, aínda que non é máis numeroso e o número de horas de dedicación segue sendo insuficiente.

3.3. Actividades co alumnado, co profesorado e con pais e nais

Desde a biblioteca realízanse actividades de animación á lectura, de procura de información e de escritura propostas e coordinadas polo Equipo da Biblioteca:

- Exposicións temáticas: *Libros que falan de libros, Arte e literatura, Literatura e gastronomía, Libros de outono, Receitas de lectura, etc.*
- Conmemoracións e efemérides: Día da Paz, día Mundial da Poesía, Letras Galegas, etc.
- Encontros con autores e ilustradores. Estas actividades realízanse en colaboración cos departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega e gozan de gran acollida, non só pola visita

da persoa ilustre senón todo o que implica a preparación. Despois da actividade soen aumentar considerablemente os préstamos das súas obras.

- Sesión de conta contos, tamén en colaboración cos departamentos de Linguas.
- Taller de escritura: diarios de viaxes, “*Feito por nós*”, etc.
- Club de cómic e banda deseñada.
- Concurso de marcapáxinas, concurso de fotografía, etc.
- Mochilas viaxeiras.
- Club de lectura.
- Creación de centros de interese dentro ou fóra da biblioteca.
- Formación de usuarios da biblioteca.

En canto ao profesorado, infórmase a comezos de curso sobre o horario da biblioteca, recórdase o funcionamento e coordínanse as actividades que desexan levar a cabo co alumnado.

Tamén se presta apoio na formación dos itinerarios lectores e se lles fai chegar a guía de novidades. Os pais e nais tamén están presentes na biblioteca a través dos representantes no consello escolar, guías para os pais, na revista escolar, nas mochilas viaxeiras, etc.

Aínda que continuamos nesta liña de traballo, cada vez máis, prescindimos das conmemoracións e preferimos organizar actividades relacionados cun tema.

3.4. Logros acadados

A biblioteca do centro experimentou unha serie de transformacións tanto no seu espazo físico como na infraestrutura, o que contribuíu a un aumento considerable do seu uso, do emprego dos fondos e dun aumento de préstamos.

Tamén intentamos que as prácticas lectoras se fagan de forma óptima, tendo unha boa política de préstamos e selección de materiais en diversos soportes, para dar resposta a todas as necesidades. Houbo un incremento notable nos fondos, nos préstamos e nas actividades coordinadas desde a biblioteca.

3.5. Características da Biblioteca Escolar: infraestruturas

A biblioteca do noso centro conta con 24 postos para traballo individual ou en grupo adaptado á normativa COVID: unha zona de lectura informal, unha zona informática e de audiovisuais, unha zona de catalogación e tratamento dos fondos, zona de préstamos, etc.

Ademais conta con expositores para prensa e revistas, dous expositores de DVD, expositor de novidades, etc.

3.6. Equipamento e colección

Ademais do equipamento mencionado anteriormente, ten catro ordenadores para consulta do alumnado e profesorado e dous ordenadores para uso exclusivo do equipo da biblioteca. Tódolos ordenadores están conectados á rede e tamén dispoñemos de Wifi.

En canto á colección está formada nestes momentos por 13.000 volumes en diferentes formatos que intenta dar resposta ás distintas necesidades do alumnado e do profesorado. Intentouse que todo o material que se foi adquirindo fose adecuado ás disciplinas do currículo, aos intereses culturais e á idade do alumnado.

Ademais de libros informativos (obras documentais, de referencia, de consulta, revistas...), libros recreativos e libros de literatura infantil e xuvenil, tamén están presentes os recursos electrónicos.

3.7. Uso e funcionamento

A Biblioteca está atendida polo Equipo da Biblioteca e por profesorado de garda durante as horas de lecer. As actividades organízanse de acordo co horario do alumnado e garantindo que tódolos grupos dispoñan polo menos dunha hora semanal.

Polo que respecta ao servizo de préstamo realízase durante o período de lecer e sempre que a profesora encargada teña garda na biblioteca.

4. Estructura e coordinación do proxecto

O proxecto está coordinado por M^a Lourdes Díaz Blanco, encargada da Biblioteca. Participan, ademais, un grupo de catro profesores de distintas materias que integran o equipo de apoio á biblioteca.

Son funcións da **coordinadora do proxecto**:

1. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da Consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar a súas suxestións.
5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Son funcións do **equipo de apoio**:

1. Apoiar o responsable da biblioteca na organización e dinamización desta.
2. Compilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
3. Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
4. Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
5. Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

As funcións da **comisión de biblioteca** serían:

1. Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.

2. Realizar propostas ao consello escolar para as melloras necesarias.
3. Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
4. Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
5. Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
6. Realizar propostas para a adquisición de fondos equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao consello escolar.
7. Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar os seus obxectivos.

5. Obxectivos, principios básicos e compromisos

5.1. Obxectivos

Xerais

Os obxectivos do proxecto lector do noso centro son:

- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- Potenciar a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva desde todas as áreas do currículo.
- Contribuír a mellorar a competencia oral e escrita.
- Desenvolver as habilidades no proceso de busca e recuperación da información en todo tipo de soportes.
- Promover entre o alumnado o uso frecuente da biblioteca de xeito que adquiran as ferramentas para o manexo eficaz, así como a importancia de coidar e conservar os libros.

Currículo

En canto ao currículo:

- Incluír nos documentos institucionais do centro as actuacións necesarias para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora.
- Implicar ao conxunto das áreas e materias na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora do alumnado.
- Establecer nas programacións didácticas de cada área as estratexias metodolóxicas que se consideren axeitadas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito de ler.

Reforzo escolar e apoio educativo

- Adquirir aprendizaxes de forma significativa.
- Contribuír á adquisición de técnicas de estudo.
- Consolidar coñecementos a partir da resolución de tarefas.
- Facilitar ao alumnado as ferramentas necesarias para a adquisición de coñecementos.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos, orientándoos e dándolles pautas de actuación e estratexias concretas.

Biblioteca

Os obxectivos da nosa biblioteca son:

- Proporcionar apoio aos programas de ensino-aprendizaxe.

- Asegurar o acceso a unha ampla gama de servizos e recursos.
- Dotar ao alumnado de capacidades básicas para obter e usar unha grande diversidade de recursos.
- Habituar ao alumnado á utilización da biblioteca con finalidade recreativa, informativa e de educación permanente.

Contexto familiar e cultural

Os obxectivos a conseguir en relación ás familias son:

- Fomentar o uso e aprecio dos pais e nais da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
- Favorecer que os pais e nais se convertan en modelos de bos lectores e contribúan a estimular a lectura dos seu fillos e fillas.

Tecnoloxía da información e comunicación

Os obxectivos son:

- Contribuír á calidade dos procesos de ensino e aprendizaxe relacionados co desenvolvemento da competencia lectora.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación, especialmente Internet, como recurso didáctico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector.

5.2. Principios básicos

- O profesorado do centro asume o compromiso de potenciar a comprensión lectora xa que é a base de toda aprendizaxe, axuda a mellorar a comunicación oral e escrita e estimula o espírito crítico.
- As actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario e responder ás características e necesidades de cada materia.
- A lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento das estratexias de traballo.

5.3. Compromisos

O profesorado do IES Sanxillao asume o compromiso de:

- Promover a lectura de forma consensuada, compartir estratexias e recursos cos demais departamentos e actuar, sempre que sexa posible, de forma conxunta.
- Comprometerse a non recomendar ou traballar lecturas que non se correspondan cun nivel medio de comprensión e establecer estratexias comúns para axudar ao alumnado con dificultade lectora.
- Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto lector do Centro.
- Empregar os recursos da Biblioteca escolar e contribuír á actualización dos seus fondos.
- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica a todas as áreas e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta, en silencio, co profesor ou co alumno como protagonistas, en dramatizacións, en recitais, individual ou colectivamente, etc.
- Incentivar a creación de todo tipo de textos por parte do alumnado.

6. Intervencións

6.1 Tarefas de intervención global e comprensión lectora en todas as áreas

a) Para mellorar a comprensión lectora, proponse:

- Lectura detida dos textos, análise do seu vocabulario, relacionar o texto lido con outras experiencias, facer resumos, mapas conceptuais e esquemas.
- Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, elaboraranse actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
- Proporcionar ao alumnado técnicas de lectura claras e sinxelas que se adapten aos diferentes textos tendo en conta non só os niveis de dificultade senón tamén a finalidade da lectura.
- Cando se estime oportuno, deben empregarse cada un dos tres tipos de lectura: previa, lenta e de síntese.

b) Para a comprensión do vocabulario de cada área:

- Elaboración dunha lista de termos fundamentais de cada materia adecuada a cada ámbito do saber para que o alumnado a manexe dun xeito progresivo e preciso.
- É imprescindible coñecer o significado de todos os conceptos, non só para a súa comprensión, senón para incorporalos á linguaxe oral e escrita.
- Debe procurarse que o alumnado coñeza a orixe de termos para ampliar o seu horizonte cultural e facilitar a relación entre os coñecementos das distintas áreas.

c) Para mellorar a comprensión e expresión oral, proponse:

- Lectura en voz alta por parte do profesorado para servir de modelo e referente ao alumnado.
- Avaliar a comprensión lectora do alumnado mediante a lectura en voz alta de textos traballados previamente.
- Lectura en voz alta do alumnado.
- Fomentar a expresión a través de lecturas de textos.
- Expresar de forma oral termos que xa se traballaron e comprenderon.

d) Para que todas as áreas participen do proxecto:

- Dar a coñecer os principios básicos deste Proxecto.
- Diseñar actividades comúns ás distintas áreas para evitar duplicidades innecesarias.
- Toma de decisións de xeito consensuado.

e) Estratexias de intervención da coordinadora do proxecto:

- Poñer en común e facer un seguimento das prácticas lectoras do profesorado que leve a cabo o plan, para evitar a duplicidade de tarefas.
- Buscar estratexias comúns ás distintas áreas e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.
- Dar a coñecer os recursos da biblioteca.

f) Estratexias de actuación do profesorado:

- Aproveitar as oportunidades lectoras que se presentan na aula ou fóra dela: titorías, traballos de clase, tarefas para a casa, etc.

g) Estratexias comúns para axudar ao alumnado con problemas de comprensión lectora:

- Esmiuzar os textos ata conseguir a súa comprensión
- Non conformarse coa repetición e memorización dos textos.
- Analizar o vocabulario.
- Facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o comprender o que le e acostumalo a empregar o dicionario.
- Proponse a elaboración dun glosario común realizado nun mesmo caderno alfabético no que se poidan reflexar os termos comúns a cada área e os seus diferentes significados.

6.2. Fomento de hábitos de lectura en todas as áreas

Para fomentar os hábitos lectores, propoñemos:

- A lectura de todo tipo de textos.
- Potenciar a capacidade de investigación, mediante a procura e a selección da información.
- Realización de pequenos traballos documentais, seguindo uns criterios comúns que respondan ás seguintes cuestións: Que queremos facer?, que sabemos?, que queremos saber?: índice provisional, busca das fontes de información e recursos dispoñibles, selección da información e elaboración e presentación da información.

6.3. Liñas de actuación na biblioteca

Organización e xestión

A organización e xestión da biblioteca escolar depende duna profesora encargada e un equipo de apoio.

Na biblioteca centralízanse, xestiónanse e recóllense os recursos documentais do centro. A biblioteca conta con 12.000 volumes en varios soportes (libros, DVD, CD), clasificados segundo a CDU, totalmente informatizados a través do programa Meiga, que nos permite estar en rede con outras bibliotecas escolares e bibliotecas municipais. Os fondos actualízanse periodicamente e tódolos cursos se realiza, polo menos, un expurgo.

Tamén conta con material para o alumnado con necesidades educativas especiais.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado

Unha das finalidades da biblioteca á de instruír ao alumnado no uso da información, nas estratexias do traballo intelectual e a formación documental. Por iso, as actuacións repercutirán na adquisición por parte do alumnado de habilidades para o manexo da información, axudándoo a documentarse, buscar, seleccionar, tratar, criticar e avaliar a información.

O traballo orientarase a:

- Realización de campañas de animación anteriores aos períodos de vacacións, con suxestións lectoras, carteis informativos colocados nos distintos corredores do centro e información aos titores.
- Organización e realización de actividades e eventos pensados para os distintos cursos. As actividades non serán fixas senón que dependerán do profesorado implicado.
- Elaboración de propostas de actividades que teñan como obxectivo promover os recursos da biblioteca.
- Así mesmo complementará e apoiará o desenvolvemento curricular onde conflúen os contidos, procedementos e actitudes e promoverá a realización de proxectos de traballo.

Formación de usuarios e educación documental

- Actividades de familiarización do alumnado de Primeiro de ESO, Ciclos Formativos que teñen como finalidade espertar o interese pola biblioteca escolar, dar a coñecer os seus recursos, facilitar o acceso aos seus servizos e fondos, coñecer as fontes de información e os seus soportes, empregar a biblioteca de xeito autónomo, información sobre as normas de uso, etc.
- Durante os segundo e terceiro trimestres desenvolvemos unha serie de actividades sobre a Educación documental. Preténdese que a orixe dos proxectos de investigación parta da aula,

que o traballo se levara a cabo de forma conxunta e termine cunha actividade de síntese na aula.

- Tamén se fai unha pequena formación para o profesorado que se ocupa da biblioteca durante o período de lecer sobre o funcionamento da biblioteca e sobre a xestión do préstamo a través do programa Meiga e, en xeral, para todos aqueles que queiran mellorar no acceso aos fondos.

Fomento da lectura ao longo de cada curso e desenvolvemento do proxecto lector de centro

- Coordinación das reunións e tarefas relativas á elaboración e/ou actualización do Plan anual de lectura.
- Criterios para o desenvolvemento da hora de lectura nalgunhas materias e revisión anual do seu deseño conforme a parámetros dunha maior eficacia.
- Información e concienciación entre o profesorado sobre a necesidade dun cambio metodolóxico que integre a formación lectora como eixo da acción educativa e a biblioteca como elemento centralizador desa acción.
- Información por escrito aos pais sobre o Plan anual de lectura, procurando que estes sexan conscientes da dimensión que se dá á formación lectora tanto no que toca aos currículos particulares das materias como no relativo á avaliación.
- Integración das familias nas actividades de dinamización da lectura sempre que for posible polo carácter da actividade

6.4. Contribución dos departamentos

Os departamentos achegarán a información requirida no seguinte modelo, que pasará a formar parte do Plan anual de lectura e das programacións respectivas:

PLAN ANUAL DE LECTURA DO DEPARTAMENTO DE _____

DEDICACIÓN Á LECTURA NA AULA

TEMPORALIZACIÓN

Tempo diario ou semanal se reservará para a lectura na aula, tendo en conta o número de clases semanais.

CARÁCTER DAS LECTURAS

Tipo de textos que se van ler (libre, recomendado ou obrigatorio; relacionados coa materia ou de ficción...)

ITINERARIOS LECTORES

Indicar se son lecturas obrigatorias ou optativas e comunicar ao responsable da Biblioteca os exemplares que deben adquirirse.

Valoración na cualificación da materia.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Participación nas actividades da Biblioteca, deseño de proxectos que impliquen o uso dos seus fondos e espazos, formación de usuarios...

7. Prazos de execución e revisión

- Proxecto Lector nace como unha ferramenta para marcar a acción educativa a medio prazo. Ten unha validez de catro anos nas súas liñas xerais, aínda que na última CCP de cada curso poderán ser presentadas propostas de modificación e mellora.
- Os plans lectores dos Departamentos e o proxecto da Biblioteca, que conforman o Plan anual de lectura serán revisados na última CCP de cada curso para permitir a incorporación de posibles cambios nas programacións didácticas e na programación xeral do noso centro.

8. Avaliación do proxecto: criterios e instrumentos de avaliación

A coordinadora e o equipo de apoio somos os encargados de avaliar o proxecto a través do rexistro e análise que se fixeron das actividades realizadas. Periodicamente o equipo de profesores implicados no proxecto reuniuse para facer unha posta en común.

Criterios e procedementos de avaliación

Tanto uns como os outros, irán enfocados a detectar as disfuncións que se produzan na súa aplicación para reformalo nos cursos seguintes.

A súa utilidade radicarán na análise da consecución dos obxectivos establecidos:

- Incremento dos hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Nivel de comprensión lectora do alumnado.
- Nivel de competencia na expresión oral e escrita.
- Nivel de competencia no proceso de busca de información.
- Nivel de implicación das familias e outras institucións.
- Uso da biblioteca escolar e a de aula.
- Respecto polos espazos e tempos dedicados á lectura.

Para realizar a avaliación do proxecto utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Probas de avaliación de habilidade e competencia lectora do alumnado.
- Grao de participación dos membros da comunidade educativa nas actividades do proxecto lector.
- Enquisas relativas á utilización da biblioteca do centro e aos hábitos de lectura.
- Memorias finais do curso.

Os instrumentos foron os seguintes:

- Cuestionario inicial para os usuarios e usuarias
- Estatísticas de préstamos
- Observación do impacto que as actividades ofrecidas tiveron no centro
- Enquisas e cuestionarios
- Niveis de asistencia e participación nas actividades
- Cumprimento das normas
- Caixa de suxestións

9. Anexos

AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR

DOCUMENTOS PARA OS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

1. COMEZO DO CURSO

Nas programacións incluírase un apartado dedicado á competencia lectora sinalando as actividades (temporalizadas) para fomentala, o tempo dedicado á lectura diaria, ás prácticas de comprensión e de fomento da lectura e da escritura e os obxectivos que se pretenden neste campo.

2. REMATE DO CURSO

- Avaliación do proxecto lector

1. Grao de consecución dos obxectivos iniciais
2. Adecuación das actividades aos obxectivos propostos
3. Grao de cumprimento do fomento da lectura
4. Grao de satisfacción na realización ou participación en actividades propostas no Proxecto Lector.

- Avaliación da competencia lectora

1. Lectura expresiva
2. Comprensión lectora
3. Expresión oral
4. Expresión escrita
5. Autonomía na busca da información
6. Actitude do alumnado ante a lectura
7. Progresión nas competencias básicas no ámbito lector

AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR

COORDINADOR/A DO PROXECTO LECTOR

Para a avaliación do proxecto lector a persoa coordinadora deberá contar cos informes iniciais e finais dos distintos departamentos didácticos, do responsable da biblioteca e do club de lectura e coas aportacións recollidas nunha CCP a finais do curso.

Nesta avaliación deberanse recoller:

1. Avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto lector.
2. Grao de concreción do proxecto lector nos plans anuais de lectura.
 - a. Dos distintos departamentos.
 - b. Do club de lectura.
 - c. Da biblioteca.
3. Análise da competencia lectora do alumnado.
 - a) Lectura expresiva.
 - b) Compresión lectora.
 - c) Expresión oral.
 - d) Expresión escrita.
 - e) Autonomía na busca de información
 - f) Actitude do alumno ante a lectura.
 - g) Progresión nas competencias básicas no ámbito lector.
4. Propostas de mellora

AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR

RESPONSABLE DA BIBLIOTECA

1. COMEZO DO CURSO

Programación dos obxectivos, actividades (temporalizadas) e actuacións previstas para adquisición de fondos e organización de espazos físicos.

2. REMATE DO CURSO

- a) Estatísticas préstamos de libros
- b) Grao de cumprimento das actividades programadas a nivel de participación nelas.
- c) Melloras na adquisición e organización de espazos físicos e fondos documentais.
- d) Disponibilidade de profesorado con dedicación dun horario suficiente.
- e) Avance na utilización das novas tecnoloxías.
- f) Mellora da capacidade dos usuarios para a localización e uso dos recursos.
- g) Valoración do uso da biblioteca.

AVALIACIÓN DO PROXECTO LECTOR
COORDINADOR/A DO CLUB DE LECTURA

1. COMEZO DO CURSO

O responsable do club de lectura deberá facer unha programación na que incluírá: obxectivos, actividades (temporalizadas), materiais a utilizar e procedementos.

2. REMATE DO CURSO

Realizarase unha breve memoria onde se recolla:

- a) O grao de consecución dos obxectivos programados
- b) Valoración dos resultados obtidos:
 - Índices de lectura.
 - Avances na competencia literaria.
 - Avances na comprensión lectora.
 - Actitude ante a lectura.
- c) Materiais elaborados.
- d) Propostas de melloras e cambios.

Enquisa Biblioteca

Antes de contestar le ben as posibles respostas. Podes non contestar pero, se o fas, é importante que sexas sincero/a.

NIVEL (rodea) 1º 2º 3º 4º

1) Visitas a biblioteca do IES?

a diario con frecuencia de cando en vez que é unha biblioteca?

2) Para que usas a biblioteca? (*Podes marcar varias respostas*)

estudar / facer deberes buscar información en libros e/ou enciclopedias
 usar internet para divertirme falar (baixiño) cos amigos/as
 ler para ter tranquilidade outros:

3) Que servizos da biblioteca utilizas? (*Podes marcar varias respostas*)

consulta enciclopedias/dicionarios... servizo de préstamo de libros
 servizo de préstamo de películas lectura de revistas
 internet outras _____

4) Fixeches en 11 ou en 21 sesións de biblioteca para aprender como se usa?

Sí Non

5) Para localizar a información que precisas...

sabes buscala ti mesmo/a tes que pedir a axuda do bibliotecario

6) Es afeccionado/a á lectura? (*sen contar os libros obrigatorios*) Si

Non

7) En caso de responder si...de que tipo de lectura? (*Podes marcar varias respostas*)

Novela Poesía Teatro Libros de información
 Xornal Revistas Cómic

8) Participas nalgunha das actividades organizadas pola biblioteca?

Si Non ¿En cales?

Certames micro-relatos Certames poesía Concurso "Sabías que...?"
 Torneo de Xadrez Visita ás exposicións
 Boletín Vilán (*lector e/ou redactor*)

9) Visitas algunha vez, dende casa, ou dende o propio instituto, o blog da biblioteca?

Si Non

10) Cal é o apartado que máis veces visitas? (*Podes marcar varias respostas*)

11) Colles libros e/ou DVD en préstamo para alguén da familia? Si Non

Enquisa Biblioteca – Proxecto Lector do Centro

PROFESORADO

Como punto de partida do **Proxecto Lector** resulta necesario ver como estamos no centro neste aspecto. O proxecto que saia debe partir da realidade que temos no Instituto. Por iso vos pedimos a colaboración na contestación desta enquisa o máis axiña posible. Grazas anticipadas.

Sinala o ámbito de coñecemento ao que pertence a materia que impartes:

Socio-lingüístico

Científico-tecnolóxico

1) Usas a biblioteca do IES?

Con frecuencia

De cando en vez

2) Para que utilizas o espazo da biblioteca? (*Pódense marcar varias respostas*)

Busca de información para as miñas clases

Como aula para sesións concretas

Buscas en internet

Non o utilizo

Outro/s uso/s que me gustaría darlle:

3) Que servizos da biblioteca utilizas? (*Pódense marcar varias respostas*)

Préstamos para uso en aula

Préstamos para uso particular

Escaneado de documentos

Internet

Edición de vídeo

Consulta do catálogo en rede

Outros:

4) Coñeces o sistema de catalogación e arquivo da biblioteca (CDU) para localizar a información que precisas?

Si

Non

5) Se pides que realicen algún traballo de clase...(*Pódense marcar varias respostas*)

Ofreces bibliografía

Comprobas o material dispoñible na biblioteca sobre ese tema

Recomendas ao teu alumnado o uso e consulta na biblioteca do centro

Ningunha das anteriores

6) Hai algunha relación, persoal ou do departamento, con algunha das actividades organizadas pola biblioteca?

Si, persoal

Si, do departamento

Non

7) Gustaríache participar na organización dalgunha das actividades da Biblioteca?

8) Hai algunha nova que che gustaría propoñer?

No apartado da lectura:

9) Como consideras, en termos moi xerais, a capacidade lectora mecánica do alumnado?

- Boa Regular Insuficiente Deficitaria

10) Como consideras, en termos moi xerais, a capacidade lectora comprensiva do alumnado?

- Boa Regular Insuficiente Deficitaria

11) Que importancia cres que ten a lectura na superación da túa materia por parte do alumnado?

- Toda Moita Bastante Pouca Ningunha

12) Na túa materia hai lecturas recomendadas/obrigadas? Si Non

13) Nas túas clases hai algún tempo dedicado á lectura, á marxe do libro de texto?

- Si Non

14) Neste caso, que tipo/s de material utilizas?

- Libros Revistas Prensa Gráficos
 Material de internet

15) Estarías disposto/a a utilizar parte do tempo da túa materia para dedicarllo á lectura?

- Non 20' á semana 30' á semana
 unha sesión semanal

16) Es afeccionado/a á lectura? Si Non

17) Apeteceríache formar parte do club de lectura “Lendo nas Fontiñas” con alumnos e/ou nais/pais?

- Si Non

18) Que cousas pensas que lle faltan á biblioteca? Que debería haber que non hai?

Revisión outubro de 2021